

PROGRAMACIÓN 6º FESTIVAL DE JAZZ DE VIGO IMAXINA SONS
Organiza: Concellería de Cultura e Animación Sociocultural-
Concello de Vigo
Patrocinan: Consellería de Cultura e Turismo (Xunta de Galicia) e
Caixanova

SÁBADO 12 DE XUÑO
“Imaxina na Rúa”
Escola Municipal de Música da Coruña

SÁBADO 19 DE XUÑO
“Imaxina na Rúa”
Orquestra A Tempo. Escola de Música (Pontevedra)

11,30h peonil do Calvario (a carón do mercado)

13,30h praza da Independencia e Travesas

17,30h Príncipe e contorna do MARCO

19,30h Montero Ríos

En caso de choiva, as actuacións trasládanse aos centro comerciais Travesía (11,30h), Camelias(13,30h) Plaza Elíptica (17,30h) e A Laxe (19,30h)

MÉRCORES, 23 DE XUÑO

21,30 h Concerto de inauguración:
Martial Solal Newdecaband
Teatro-Sala de concertos do Centro Cultural Caixanova
Butaca: 12 €; 1º anf: 11 €; 2º anf: 10 €; 3º anf: 9 €

XOVES 24 DE XUÑO

Pasacalles. Gangbé Brass Band
13h: Príncipe
19h: centro comercial Camelias
21h: peonil do Calvario

Espectáculo infantil Botazz! O swing do jazz
Funcións: 12.00h, 17.30h e 19.00h
Auditorio municipal. Entrada: 3 €

00.30h. Ciclo “Jazz na Noite”
Hansel Luis Quartet
Quomo. Entrada libre

VENRES, 25 DE XUÑO

Pasacalles. Gangbé Brass Band
13h: praza da Independencia
19h: centro comercial Praza E
21h: Montero Ríos (zona terrazas)

20,30 h Monkillos
22,15 h Marcos Pin Factor –E-Reset
Auditorio “Martín Códax” do Conservatorio Superior de Música. Entrada libre

01.30h. Ciclo “Jazz na Noite”
Mónica de Nut Trío
Xancarajazz. Entrada libre

SÁBADO 26 DE XUÑO

10,30h Clase maxistral
Franco D´Andrea
Conservatorio Superior de Música

Pasacalles. Gangbé Brass Band
13h: peonil do Calvario
19h: centro comercial Travesía
21h: Príncipe

20,30 h Tri-EZ. Agustí Fernández, Baldo Martínez, Ramón López
22,15 h Franco D´Andrea Quartet
Auditorio “Martín Códax” do Conservatorio Superior de Música. Entrada libre

01.30h. Ciclo “Jazz na Noite”
Mónica de Nut Trío
Xancarajazz. Entrada libre

DOMINGO 27 DE XUÑO

Pasacalles. Gangbé Brass Band
13h: Alameda de Bouzas
19h: paseo de Samil
21h: praza da Constitución

19,30 h “Mompiana”.
Lluís Vidal Trio Feat. Dave Douglas & Perico Sambeat
Auditorio “Martín Códax” do Conservatorio Superior de Música. Entrada libre

22,00 h. Root Africaine. Romano, Sclavis, Texier
Teatro-Sala de concertos do Centro Cultural Caixanova
Butaca: 12 €; 1º anf: 11 €; 2º anf: 10 €; 3º anf: 9 €

LUNS, 28 DE XUÑO

20h Mesa redonda
Reservado o dereito de admisión. Falando de jazz tras o caso Sigüenza
Salón de actos do MARCO. Entrada libre

21,30h Pierre Favre Solo. Poetry in Motion
Salón de actos do MARCO. Entrada:3€

23h Ciclo “Jazz na Noite”
José Rodríguez Wild Trío
Contrabajo

MARTES, 29 DE XUÑO

20h Mesa redonda
Do Myspace ao Facebook. O jazz navega
Salón de actos do MARCO. Entrada libre

21,30 h Carlos “Zíngaro” Solo. Violín con electrónica

Salón de actos do MARCO. Entrada: 3€

**23h Ciclo “Jazz na Noite”
Triatone
Contrabajo**

MÉRCORES, 30 DE XUÑO

**20h Mesa redonda
The Jazz I Love (O jazz que amo). Os escritores tamén improvisan
Salón de actos do MARCO. Entrada libre**

**21,30 h Marisco Fresco
*Salón de actos do MARCO. Entrada: 3€***

**23h Ciclo “Jazz na Noite”
Triatone
Contrabajo. Entrada libre**

XOVES 1 DE XULLO

**Pasacalles. Cottas Club Jazz Band
13h: Estación Marítima (diante da terraza do centro comercial A Laxe)
19 h: peonil do Calvario
21 h: Príncipe**

**20,30 h Red Trio & John Butcher
*Auditorio municipal. Entrada: 5€***

**23,00 h Yves Robert Trio
*Praza da Constitución. Entrada libre***

**00.30h Ciclo “Jazz na Noite”
Cró!
Quomo. Entrada libre**

VENRES 2 DE XULLO

**Pasacalles. Cottas Club Jazz Band
13 h: mercado de Teis
19 h: Montero Ríos (zona terrazas)
21 h: praza da Independencia**

**20,30 h Arild Andersen Trio
*Auditorio municipal. Entrada: 5€***

**23,00 h Roberto Somoza Jazz Orquestra. The Vanguard
*Praza da Constitución. Entrada libre***

**01,30h Ciclo “Jazz na Noite”
Gastón Rodríguez Cuarteto
Xancarajazz. Entrada libre**

SÁBADO 3 DE XULLO

11 h Clase maxistral
Franz Koglmann
Conservatorio Superior de Música

Pasacalles. Cottas Club Jazz Band
13 h: praza do Emigrante
19 h: Urzaiz e Gran Vía (diante de El Corte Inglés)
21 h: praza da Constitución

20,30 h Franz Koglmann Monoblue Quartet.
Lo-lee-ta: Music on Nabokov
Auditorio municipal. Entrada: 5 €

23,00 h Irene Aranda Quinteto
Praza da Constitución. Entrada libre

01.30h Ciclo “Jazz na Noite”
Gastón Rodríguez Cuarteto
Xancarajazz. Entrada libre

DOMINGO 4 DE XULLO

Pasacalles. Cottas Club Jazz Band
13 h: Alameda de Bouzas
19 h: paseo de Samil
21 h: Montero Ríos

19,30 h Atlantic Bridge
Auditorio municipal. Entrada: 5€

22,00 h Concerto de clausura. Dave Douglas Quintet
Teatro-Sala de concertos do Centro Cultural Caixanova
Butaca: 12 €; 1º anf: 11 €; 2º anf: 10 €; 3º anf: 9 €

IMAXINA NA RÚA

Datas: sábados 12 e 19 de xuño

Horarios e lugares:

11,30h peonil do Calvario (a carón do mercado)

13,30h praza da Independencia e Travesas

17,30h Príncipe e contorna do MARCO

19,30h Montero Ríos

En caso de choiva, as actuacións trasládanse aos centro comerciais Travesía (11,30h), Camelias(13,30h) Plaza Elíptica (17,30h) e A Laxe (19,30h)

Sábado 12 de xuño

Escola Municipal de Música de Música da Coruña

A Escola Municipal de Música da Coruña acubilla no seu seo a alumnos e alumnas con diferentes intereses e sensibilidades musicais; de diferentes idades e con estilos dispares. Sen dúbida, a área de música moderna e jazz desta escola e o seminario de jazz que celebra anualmente este centro espertan cada vez maior interese entre os rapaces afeccionados ao jazz. Na ensamble que participa no programa previo da sexta edición do Festival de Jazz de Vigo “Imaxina Sons”, dirixida por José A. Acuña –tamén director da Escola- pódese apreciar a calidade destas mozas e mozos cun repertorio no que mesturan temas orixinais con estándares. Eles son os encargados de ir abrindo boca para o doce días de festival.

Daniel Lesta Alfeirán, trombón

José Romero Fernández, trombón

Bruno Souto Pérez, saxo alto

Elías Mato López, saxo alto

Rubén Vázquez Sánchez, saxo alto

Víctor Vázquez Sánchez, saxo tenor

Augusto Vázquez Losada, saxo tenor

Beatriz Estévez Álvarez, Frauta e saxo alto

Nicolás González Granado, clarinete

Naima Acuña Rodríguez, batería

Cristal Misa Gómez, guitarra

Rafael Pérez-Herrera Peña, guitarra

Alejandro Piñeiro Iglesias, baixo

Luís Vila Pillado, piano

Nerea Toral Jensen, teclados

José Acuña Fernández, director

Sábado 19 de xuño

Orquestra A Tempo. Escola de Música de Pontevedra

Hai doce anos xa nacia a orquestra A Tempo en Pontevedra como unha formación con vocación pedagóxica e integrada por estudantes e afeccionados entre os 13 e os 55 anos. Dirixida por María Luisa Sánchez González e Miguel Angel Rodríguez, a orquestra supón unha oportunidade para iniciarse na práctica orquestral cun repertorio conformado por estándares de blues, jazz e rock. Vinculada á escola de música A tempo, esta orquestra vese enriquecida ademais coa colaboración do IES A Xunqueira 1 de Pontevedra, cuxo alumnado ten a oportunidade de acceder á

formación musical de jazz. Estes músicos entusiastas son os encargados de ir quecendo o ambiente nas semanas previas ao inicio do 6º Festival de Jazz de Vigo Imaxina Sons e, como xa amosaron en anteriores ocasións, abofé que o conseguen.

Tania Silva Fentanes, saxo alto
Antón González Beiras, saxo soprano
Rodrigo Rodríguez González, saxo tenor
Miguel Ángel Rodríguez González, saxo barítono
Sarunas Pupelis, saxo soprano
Alba María Moledo Ucha, saxo alto
Beatriz Martínez Filgueira, saxo alto
Beatriz Vázquez Valiño, saxo alto
Ana Cristina Gamallo Durán, trombón
Bruno Ruibal García, trombón
Nicolás Portas Ricoy, tuba
Adrián Vázquez, trompeta
Cosme Valles Castro, trompeta
Cristina Prado Gómez, clarinete
Vanesa Fentanes Gandos, clarinete
Eva Campos Leiro, clarinete
Rebeca Piñeiro Sabarís, contrabaixo
Natalia Miguéns Gómez, frauta
Miriam Blanco Casalderrey, frauta
Mari Ángeles Pérez Meneiro, frauta
Santiago Robledo Rosas, guitarra eléctrica
Daniel Alexander Burton González, baixo
Abraham Paz Martínez, acordeón
Rubén Iglesias López, percusión
Miguel Ángel González Rodríguez, banxo
Paula Sobral Viñas, piano
José Rico López, baixo
José Rodríguez Muñiz, guitarra
Oscar Franco Barros, saxo tenor
Aleixo Jablonski García, saxo barítono
Iria Reguera Torres, saxo tenor
Juan Portela Varela, trombón
Carlos Alberto Redondo Barreiro, bombardino
Maria Luisa Sánchez González e Miguel Ángel Rodríguez González, directores

CONCERTOS

Mércores 23 de xuño

Concerto de apertura

Teatro-Sala de Concertos do Centro Cultural Caixanova, 21.30h

Martial Solal Newdecaband

Trátase dunha das lendas vivas do piano e poucos poden facerlle sombra no dominio das oitenta e oito teclas a Martial Solal (Arxelia, 1927). Algúns críticos din que é un dos poucos que pode traducir inmediatamente nas teclas o que pasa pola súa imaxinación. Nos seus comezos chegou a tocar con Django Reinhardt e acadou celebridade componendo extraordinarias bandas sonoras para o mellor cine francés. A presenza de Martial Solal en *Imaxina Sons* era obrigada; era unha cuestión de tempo e oportunidade para un festival que, non só acredita, senón que se alimenta do jazz europeo e para o cal Solal é un referente. Co proxecto Newdecaband o pianista reúne a colaboradores habituais como Eric Le Lann cunha nova vaga de músicos franceses para un traballo vibrante que soa descaradamente cinematográfico.

Martial Solal, piano
Claude Egea & Eric Le Lann, trompetas
Jean-Jacques Justafre, trompa
Claudia Solal, voz
Denis Leloup & Marc Roger, trombóns
François Thilliez, tuba
Thomas Grimmonprez, percusións
Jean-Philippe Morel, baixo eléctrico e acústico

Venres 25 de xuño

Auditorio “Martín Códax” Conservatorio Superior de Música, 20.30h

Monkillos

Co seu disco *In Monk We Trust* (Freecode, 2009), os Monkillos fan toda unha declaración de intencións sobre o seu proxecto musical. Por unha banda, a adhesión incondicional á congregación de seguidores dese grande músico chamado Thelonius Monk, que o trío galego reinterpreta rendido de admiración. Por outro lado, a pretensión única de facer música que chegue aos pés e ás cabezas dun amplo público. Miguel Cabana (A Coruña, 1975) Marcelino Galán (A Coruña, 1972) e Xacobe Martínez Antelo (Santiago de Compostela, 1976) remexen na súa fórmula a música de Monk, a tradición afrocubana e os sons flamencos e, no conxunto, destaca a pericia técnica de cada un destes tres músicos da nova xeración jazzista do país.

Miguel Cabana, percusións
Marcelino Galán, guitarra
Xacobe Martínez Antelo, contrabaixo

Venres 25 de xuño

Auditorio “Martín Códax” Conservatorio Superior de Música de Vigo, 22.15h

Marcos Pin Factor –E- Reset

Marcos Pin (Lugo, 1974) é un deses nomes recorrentes á hora de falar da nova escena jazzística de Galicia e este ano o seu proxecto Factor –E- Reset ten cabida dentro de *Imaxina Sons* nun dos espazos do festival que pola súa significación e historial máis cabida dan aos sons experimentais, o Conservatorio Superior de Música. Factor –E- Reset xorde hai apenas dous anos para dar vida ao repertorio orixinal para orquestra de jazz composto polo guitarrista Marcos Pin. Entre aqueles encargados de interpretar a obra do lucense, algúns dos nomes máis singulares do novo jazz e da música contemporánea de Galicia como o batería LAR Legido ou o contrabaixista Paco Charlín.

Javier Pereiro, trompeta e fliscorno

Jose Nine, saxo alto e frauta

Toño Otero, saxo tenor

Santiago Cañada, trombón

Luis Miranda, bombardino, trombón, clarinete e melódica

Miro Herak, vibráfono

Marcos Pin, guitarra

Paco Charlín, contrabaixo

LAR Legido, batería

Diego García, director

Sábado 26 de xuño

Auditorio “Martín Códax” do Conservatorio Superior de Música, 20.30h

TriEZ

Tres músicos excepcionais con apelidos moi comúns. O pianista Agustí Fernández (Palma de Mallorca, 1954), o contrabaixista Baldo Martínez (Ferrol, 1959) e o batería Ramón López (Alacante, 1961) escóitanse, tocan e constrúen unha obra colectiva froito da calidade individual de cada un dos tres e da súa capacidade para poñela en común. Traspasando as fronteiras do jazz, subiron ao escenario xuntos case de maneira fortuíta en 2006 e na súa estrea no Festival *Les Couleurs du Jazz* en París xa quedaba claro que este “triálogo” era un magnífico exercicio de composición libre. Agora prepáranse para editar o seu primeiro disco no vindeiro outono.

Agustí Fernández, piano

Baldo Martínez, contrabaixo

Ramón López, batería, percusión e táboa

Sábado 26 de xuño

Auditorio “Martín Codax” Conservatorio Superior de Vigo, 22.15h

Franco D’Andrea Quartet

Desde finais dos setenta, un ano si e outro tamén, a crítica italiana considera a Franco D’Andrea (Merano, Italia, 1941) o mellor músico de jazz do país; non ten pouco mérito nun país no que o jazz bule e que conta cunha xeración de músicos, que medrou nos anos oitenta, e que constitúe unha escena de referencia dentro do jazz mundial. Posúe unha maneira de comunicar directa e didáctica, que aplica como profesor en conservatorios e seminarios e que quedou ben retratada no documental *Jazz Pianist*, realizado en 2006 por Andreas Pichler, que recollía a voz de toda unha xeración de jazzistas italianos ao redor da figura de Franco D’Andrea. En formación de cuarteto, xunto a Andrea “Ayace” Ayassot, saxo alto, Aldo Mella, contrabaixo e Zeno de Rossi, batería, Franco D’Andrea chega a *Imaxina Sons*.

Franco D'Andrea, piano
Andrea" Ayace" Ayassot, saxo alto
Aldo Mella, contrabaixo
Zeno de Rossi, batería

Domingo 27 de xuño
Auditorio "Martín Códax" Conservatorio Superior de Música de Vigo, 19.30h
Mompiana
Lluís Vidal Trio Feat. Dave Douglas & Perico Sambeat

Falaba Frederic Mompou (Barcelona, 1893-1987) das súas composicións como música de audición interna; cos medios mínimos o compositor tiña como obxectivos "penetrar nas grandes profundidades da alma e as rexións máis secretas do espírito". Ao pianista Lluís Vidal (Barcelona, 1959) perseguiu sempre a música de Mompou e Mompiana é a súa relectura baixo os parámetros da música improvisada. No disco do mesmo nome (Universal / Contrabaix, 2009) o Lluís Vidal Trio, con Masa Kamaguchi no contrabaixo e David Xirgu na batería, conta coa colaboración de dous dos principais solistas do jazz mundial, o saxofonista Perico Sambeat e o trompetista Dave Douglas. A sexta edición de *Imaxina Sons* reúne a mesma formación para apreciar a modernidade de Frederic Mompou en clave de jazz.

Lluís Vidal, piano
Masa Kamaguchi, contrabaixo
David Xirgu, batería
Dave Douglas, trompeta
Perico Sambeat, saxos e frauta.

Domingo 27 de xuño
Teatro-Sala de Concertos do Centro Cultural Caixanova, 22h

Root Africaine

Romano, Sclavis, Texier

Sobre o escenario de Caixanova, tres grandes músicos e o traballo dun fotógrafo de primeira liña: a proxección das abraiantes imaxes africanas de Guy le Querrec convértese nun elemento fundamental neste concerto do 6º *Imaxina Sons*. O saxofonista e clarinetista Louis Sclavis (Lyon, Francia, 1953), o contrabaixista Henri Texier (París, Francia, 1945) e o batería Aldo Romano (Belluno, Italia, 1941) atopáronse con África hai vinte anos e esa experiencia incorporouse de maneira definitiva ao seu traballo. O resultado desa e das posteriores visitas africanas é unha viaxe jazzística que explora África desde a perspectiva de tres músicos asentados en Europa, acompañados do fotógrafo Guy le Querrec, viaxeiro incansable e con intensos vínculos profesionais co mundo do jazz.

Aldo Romano, batería
Louis Sclavis, saxo e clarinetes
Henri Texier, contrabaixo
Guy le Querrec, fotografía

Luns 28 de xuño

MARCO, 21.30h

Pierre Favre Solo

Poetry in Motion

¿Pódese facer poesía coas baquetas e os pratos dunha batería? Non son poucos os que din que o percusionista Pierre Favre (Le Locle, Suíza, 1937) escribe poemas e pinta cadros cando se concentra na súa batería. Un dos expoñentes do free jazz europeo, procedente dun país, Suíza, pródigo en percusionistas, chega a Imaxina Sons coa súa proposta solista na que desprega toda a súa inventiva e sensibilidade. A batería de Favre independízase do seu papel rítmico convencional e, da man do suízo, consegue ser vehículo de ritmo e melodía provocando que os concertos solistas de Favre acaden dimensións orquestrais.

Pierre Favre, batería

Martes 29 de xuño

MARCO, 21.30h

Carlos “Zíngaro” Solo

Violín con electrónica

Carlos “Zíngaro” (Lisboa, 1948) é un activista da arte experimental; expoñente da música improvisada europea, o violinista e compositor fundiu o seu traballo ao longo das últimas catro décadas noutras disciplinas como a danza, o teatro ou o cine. Ademais desenvolve a súa creatividade noutras lides como a ilustración e a banda deseñada. Pero é como virtuoso do violín desde o campo da improvisación como se presenta nesta sexta edición de Imaxina Sons cunha proposta electrónica. O son que Carlos “Zíngaro” extrae do violín aseméllase aos sons dos instrumentos de vento, xa que máis que referencias de violín, o músico portugués ten unha admiración especial por clarinetistas e saxofonistas. Na súa longa traxectoria participou nas grandes citas de jazz e da música de vangarda en todo o mundo.

Carlos “Zíngaro”, violín e electrónica

Mércores 30 de xuño

Salón de Actos do MARCO, 21.30h

Marisco Fresco

Desde hai anos Germán Díaz (Valladolid, 1978) traballa para amosar que a zanfona é un instrumento que se adecúa perfectamente á música contemporánea. Por esa razón, para moitos especialistas é un dos músicos máis sorprendentes dos últimos tempos; algúns din que toca a zanfona como se fose un instrumento distinto –póñase o caso, o violín-, o certo é que a sonoridade resulta impredecible. Diego Martín é un dos baterías máis recoñecidos en España nos últimos tempos; desde os anos noventa formou parte de bandas de pop, de folk e de jazz. Ambos proceden desa terra interior que é Castela pero adoran os froitos de mar; Germán Díaz muda en langosta e Diego Martín en centola cando soben ao escenario como Marisco Fresco.

Diego Martín, batería, percusión e efectos especiais

Germán Díaz, zanfona, caixa de música e living loop

Xoves 1 de xullo

Auditorio municipal, 20.30h

Red Trio + John Butcher

O convite era prometedor. Tres músicos da nova escena da improvisación libre portuguesa chaman a un dos grandes exploradores da música desde a década dos setenta. O resultado en forma de minixira en Portugal acada un grande éxito. O británico John Butcher (Brighton, Reino Unido, 1954) únese de novo aos membros de Red Trio; dúas xeracións de músicos unidas con conceptos afíns ao redor da música improvisada. Á intensidade do traballo do trío portugués, que ás veces percíbese case como violento, súmase a experiencia dun saxo que xa hai tempo que rachou coa barreira do son.

Rodrigo Pinheiro, piano

Hernâni Faustino, contra baixo

Gabriel Ferrandini, batería

John Butcher, saxo

Xoves 1 de xullo

Praza da Constitución, 23h

Yves Robert Trio

Yves Robert (Chamalières, Puy de Dome, Francia, 1957), trombonista, compositor e improvisador de grande talento, toca de forma limpa extraendo do instrumento sons inusuais que reverten nunha atmosfera de fantasía, humor e emoción. Moi solicitado no ámbito do jazz europeo, o festival de Vigo acólleo na formación de trío, xunto ao contra baixista Bruno Chevillon (Valréas, Francia, 1959), considerado uns dos mellores músicos do jazz galo e, como Yves Robert, asociado a boa parte dos proxectos do saxofonista e clarinetista Louis Sclavis, e o batería Franck Vaillant (París, 1972), que xa xirou por todo o mundo acompañando a grandes figuras do jazz e lidera o grupo experimental e electrónico *Benzine*.

Yves Robert, trombón

Bruno Chevillon, contra baixo

Franck Vaillant, batería

Venres 2 de xullo

Auditorio municipal, 20.30h

Arild Andersen Trio

No ano 2008 o contra baixista Arild Andersen (Lillestrom, Noruega, 1945) lanzaba para a discográfica ECM o seu primeiro disco en directo desde aquel *Molde Concert* (ECM, 1982). Facíao co seu novo trío, acompañado de saxo Tommy Smith (Edimburgo, Escocia, 1967) e do batería Paolo Vinaccia (Italia, 1954), e co título *Live at Belleville*. Segundo as críticas recibidas por parte de medios como *All About Jazz*, non podía ter feito mellor escolla e esta gravación é a mellor de toda a súa carreira. En xaneiro de 2009 Arild Andersen foi nomeado *Músico Europeo de Jazz* do ano 2008 pola Academia do Jazz de Francia, precisamente por este disco ao vivo, gravado en dúas noites de setembro de 2007 neste club de Oslo.

Arild Andersen, contra baixo

Tommy Smith, saxo

Paolo Vinaccia, batería

Venres 2 de xullo

Praza da Constitución, 23h

Roberto Somoza Jazz Orquestra

The Vanguard

Por un lado, un tributo ao saxo alto. Por outro lado, un formato de orquestra moderna de jazz. Con eses vimbios, Roberto Somoza (Londres, 1971) constrúe o seu cuarto traballo como líder, *The Vanguard* (Xingra, 2009), que vai presentar no 6º Festival de Jazz de Vigo *Imaxina Sons*. Con algúns dos mellores músicos do país, Somoza segue medrando e presenta unha selección de composicións orixinais cunha pequena orquestra cimentada na suma dun formato de cuarteto máis unha sección de metais. Creatividade e frescura que se poderán gozar nese club de jazz ao aire libre que será a Praza da Constitución durante o festival.

Roberto Somoza, saxofón alto
Hansel Luís Díez, trompeta e fliscorno
José Somoza, trompeta e fliscorno
Fernando Froján, trombón
Pedro Lamas, saxo barítono
Jacobo de Miguel Bueres, piano
Kin García, contrabaixo
Fernando Llorca, batería

Sábado 3 de xullo

Auditorio municipal, 20.30h

Franz Koglmann Monoblue Quartet

Lo-lee-ta. Music on Nabokov

O espectador ideal para un concerto do compositor e trompetista Franz Koglmann (Mödling, Austria, 1947) debe, en primeiro lugar, rexeitar unha estrita división dos xéneros musicais e, en concreto, do que é ou non é jazz. Como segunda condición desexable, debe, se non ser experto, ter interese pola poesía, as artes visuais, o cine, a filosofía ou a cultura popular. Koglmann aborda o jazz desde todas estas disciplinas; nesta ocasión, a novela *Lolita* de Vladimir Nabokov, publicada en 1955, é o *leit motiv* do proxecto. Para o músico austríaco, o jazz impregna a música de todos os estilos, pero entendido como dogma xa non ten razón de ser; o trompetista deixou de beber do free jazz para ter cada vez máis afinidade co cool jazz, esa corrente xurdida na Costa Oeste norteamericana nos anos cincuenta como solución de continuidade para o jazz.

Franz Koglmann, trompeta e fliscorno
Tony Coe, saxo alto e clarinete
Ed Renshaw, guitarra e electrónica
Peter Herbert, contrabaixo

Sábado 3 de xullo

Praza da Constitución, 23h

Irene Aranda Quinteto

Irene Aranda (Xaén, 1980) medrou escoitando música, en concreto pasodobres e música clásica xa que a súa avoa era pianista e o seu avó tocaba o óboe ademais de compoñer e dirixir unha banda. Foron eles os primeiros mestres da pianista e compositora antes de que comezara a súa formación oficial no conservatorio de Xaén e antes de verse atrapada polo engado do jazz. Irene Aranda leva na súa maleta a bagaxe da tradición andaluza e española, pero o seu non é flamenco jazz. A súa concepción musical é moi aberta e, en calquera caso, o que se percibe desde o primeiro momento é a súa sólida formación clásica.

Irene Aranda, piano
Paul Evans, trompeta
Juan Ull, saxo
Matthew Baker, contrabaixo
Marco Zanolli, batería

Domingo 4 de xullo
Auditorio do Concello, 19.30h
Atlantic Bridge

En formación de sexteto nace Atlantic Bridge co lanzamento dun primeiro álbum rendendo unha homenaxe ás clásicas formacións de orquestra en formato reducido. Alberto Conde, pianista, e Steve Brown, guitarrista, decidiron poñer en pé esta ponte atlántica en 2008 entre músicos galegos e estadounidenses, cando xorde a idea de plasmar o proxecto nun disco homónimo que se gravou en Ithaca, Nova York, a principios de 2009. Neste, composicións dunha clara estética relacionada co jazz de cámara europeo, acomodadas con estilos que combinan ritmos de orixe latina, de procedencia europea e americana, sen perder nunca a estética do jazz, que fan deste traballo un disco singular, relacionado directamente cun son a banda sonora de jazz.

Steve Brown, guitarra
Walter White, trompeta
Roberto Somoza, saxo
Alberto Conde, piano
Miguel Cabana, batería
Kin García, contrabaixo

Domingo 4 de xullo
Concerto de clausura

Teatro-Sala de concertos do Centro Cultural Caixanova, 22h

Dave Douglas Quintet

“O jazz está vivo, é vibrante e é vital”. Quen así fala é un dos músicos máis prolíficos, destacados e convencidos do jazz actual en todo o mundo. O traballo de Dave Douglas (New Jersey, EUA, 1963), o renomeado trompetista e compositor, non deixa de estar conectado coas preocupacións e inxedanzas que moven o mundo. Dúas veces nominado aos Grammy, Dave Douglas será o encargado de pechar a sexta edición do Festival de Jazz de Vigo Imaxina Sons co seu quinteto, un dos seus proxectos máis maduros co que percorre un amplo abano dos sons jazzísticos contemporáneos. Miles Davis e Wayne Shorter inspiran este proxecto dun trompetista que non só non renega dos que o precederon, senón que se sente obrigado a recoñecer o seu maxisterio. No escenario de Caixanova, formando parte do quinteto de Douglas, estará o xenial pianista Uri Caine.

Dave Douglas, trompeta
Donny McCaslin, saxo tenor
James Genus, contrabaixo
Clarence Penn, batería
Uri Caine, piano

ESPECTÁCULO INFANTIL

BOTAZZ! O SWING DO JAZZ

Xoves 24 de xuño

Funcións: 12.00h, 17.30h e 19.00h

Auditorio municipal

Nesta sexta edición de Imaxina Sons achegámonos ás audiencias máis cativas cunha obra teatral musical, *Botazz! O swing do jazz*, especialmente escrita e composta para o festival, que contará con música en vivo. Esta obra narra a historia dun can con pouco ritmo que é posto en apuros por uns felinos vagabundos e pícaros con moito swing. No espectáculo empregárase a técnica de luz negra e *muppets* (monicreques) fluorescentes, e incluírase a interpretación musical en directo como parte fundamental da montaxe. O auditorio municipal acolle tres funcións (12h, 17.30h e 19h) desta peza durante a xornada do **24 de xuño**. No Festival de Jazz de Vigo [Imaxina Sons](#) sempre houbo preocupación por chegar aos públicos máis novos, xa que esta ten sido unha demanda do público nas últimas edicións; neste ano 2010 preséntase en primicia esta produción co obxectivo de atraer a un público esixente, o dos pequenos, combinando unha trama divertida coa interpretación musical ao vivo.

Botazz é un can cheo de pulgas que vive feliz ata o día que perde o seu maior tesouro: o seu óso.

O óso foi roubado polos vándalos do barrio, Toz e Moko, dous gatos tolos e pícaros, cuxa maior diversión é enfastiar a todos, entre eles a Botazz e a Timo, un rato ao que tamén lle quitaron o seu ben máis querido: o seu queixo.

Pero a sorte de Toz e Moko cambiará cando Botazz e Timo se coñezan e decidan urdir un plan para recuperar o seu óso e o seu queixo.

PASACALLES

Gangbé Brass Band

XOVES 24 DE XUÑO

13h: Príncipe

19h: centro comercial Camelias

21h: peonil do Calvario

VENRES, 25 DE XUÑO

13h: praza da Independencia

19h: centro comercial Praza E

21h: Montero Ríos (zona terrazas)

SÁBADO 26 DE XUÑO

13h: peonil do Calvario

19h: centro comercial Travesía

21h: Príncipe

DOMINGO 27 DE XUÑO

13h: Alameda de Bouzas

19h: paseo de Samil

21h: praza da Constitución

A forza dos sons metálicos da Gangbé Brass Band converte as súas actuacións nunha festa chea de cores e mensaxes sociais. Procedente da República Africana de Benin, a Gangbé Brass Band combina o jazz e a tradición do seu país, marcada polos ritmos vudú e as cancións en linguas locais. Trompeta, corneta, percusión e un instrumento parecido á tuba, o souzafón, serven para fusionar jazz e folclore nunha aposta decididamente contemporánea.

Ahlouandjinou O. Magloire, trompeta

Ahouandinou W. Martial, trombón

Avihoue Banoit, percusións

Dehopumon Athanase, bugle

Gbaguidi Lucien, saxofón

Kpitiki Crespín, percusións

Vodounnon James, souzafón

Eric Yovogan, trompeta

Cottas Club Jazz Band

XOVES 1 DE XULLO

13h: Estación Marítima (diante da terraza do centro comercial A Laxe)

19 h: peonil do Calvario

21 h: Príncipe

VENRES 2 DE XULLO

13 h: mercado de Teis

19 h: Montero Ríos (zona terrazas)

21 h: praza da Independencia

SÁBADO 3 DE XULLO

13 h: praza do Emigrante

19 h: Urzaiz e Gran Vía (diante de El Corte Inglés)

21 h: praza da Constitución

DOMINGO 4 DE XULLO

13 h: Alameda de Bouzas

19 h: paseo de Samil

21 h: Montero Ríos

Veñen da zona oeste de Portugal, onde se xuntaron en 2005, e céntranse no jazz *dixieland*, é dicir, aquel que foi tocado durante os anos vinte e trinta do pasado século, en Nova Orleáns (EUA). Na última edición do Festival Internacional de Dixieland na cidade xermana de Dresde foron aclamados por milleiros de espectadores ocupando as primeiras planas dos xornais polo seu concepto de espectáculo, mestura de tradición e irreverencia. Ao xeito dos vellos mestres, a banda executa acusticamente os temas máis famosos da época, apoiándose para cantar nun megáfono.

Rafael Neves, clarinete

Pedro Morais, saxofón

Mário Nunes, trompeta

Hugo Margalho, trombón

Jorge Maia, souzafón

Alexandre Maia, washboard

JAZZ NA NOITE

Baixo a marca “Jazz na noite” os clubs da cidade acollen o capítulo máis noctámbulo do 6º Festival de Jazz de Vigo *Imaxina Sons*

Xoves 24 xuño, 00.30h, Quomo

Hansel Luis Quartet

Este é o primeiro proxecto como líder do trompetista de orixe cubana afinado na Coruña Hansel Luis Diez, que presenta un traballo baseado na fusión de ritmos latinos e afrocubanos coas raíces do jazz americano e europeo. Estará acompañado do pianista Sergio Delgado, o baixista Octavio Vargas e o batería Miguel Cabana. Hansel Luis Diez iniciouse como trompetista profesional na Orquestra Sinfónica Nacional de Cuba e foi na Coruña onde se iniciou no mundo do jazz.

Venres 25 e Sábado 26 de xuño, Xancarajazz, 1.30h.

Mónica de Nut Trío

A música de Mónica de Nut Trío mestura a linguaxe do jazz co son e algunhas dinámicas da música clásica, sen por iso pechar as portas á experimentación e aos trazos que caracterizan a música de raíz galega. No seu repertorio combina estándares da tradición jazzística con temas propios e algúns clásicos da bossa nova. Mónica de Nut, voz, Paco Dicenta, contrabaixo, e Virxilio da Silva, guitarra, teñen no seu horizonte inmediato a gravación dun disco.

Luns 28 de xuño, Contrabajo, 23h.

José Rodríguez Wild Trío

Este trío esta formado por músicos que combinan unha importante formación jazzística cunha enorme paixón por tocar en todos aqueles espazos reservados ao jazz. O saxofonista José Rodríguez conta na súa traxectoria coa participación en numerosos proxectos jazzísticos pero tamén coa súa colaboración en grupos de diferentes estilos, como Kosmic Muffin, achegado ao rock progresivo, Miki Nervio & The Bluesmakers, centrado no rythm&blues ou Flu, un grupo de funk electrónico. No trío que presenta na sexta edición de Imaxina Sons acompáñase do contrabaixista Gustavo Hernan e do batería Antonio Manuel Torres.

Martes 29 e mércores 30 de xuño, Contrabajo, 23h.

Triatone

Déixanse levar sen prexuízos por calquera territorio ao que son capaces de viaxar nunha proposta de improvisación ao cento por cento. Triatone son o batería Mark Sanders, residente en Londres e que tocou con John Butcher e Evan Parker, entre outros; o saxofonista Ricardo Tejero, tamén veciño da cidade británica e membro da London Improvisers Orchestra, e o contrabaixista e baixo eléctrico Pablo Pérez, residente na Coruña, onde se formou no seu conservatorio colaborando até o momento con figuras da improvisación como Chefa Alonso e Fred Frith.

Xoves 1 xullo, Quomo, 00.30 h

Cró!

Esta banda formada en Vigo no ano 2008 defínese polo berro Cró! A posta en escena deste quinteto mestura estilos musicais como jazz, clásicos ou rock, pero ademais presenta unha comunicación entre son e vídeo en tempo real. A música flúe dun xeito doado entre os catro músicos e o vídeo artista, creando novos espazos e texturas no contexto do rock. Cró! Está formada por David Santos no baixo, Cibrán Rei na batería, Rubén Abad na guitarra, Xavier Núñez nos teclados e na voz, e Borja Fernández, que se encarga dos visuais en tempo real.

Venres 2 e sábado 3 de xullo, Xancarajazz 1.30h.

Gastón Rodríguez Cuarteto

O guitarrista e compositor Gastón Rodríguez chegou hai vintecinco anos a Galicia desde Arxentina, o seu país de orixe; na actualidade desenvolve o seu traballo entre A Coruña, Barcelona e Buenos Aires. A súa actividade céntrase no jazz e no tango pero colaborou como produtor ou facendo arranxos para artistas como Mercedes Peón, Pablo Bicho, Los Doré ou a orquestra Los Satélites. No Gastón Rodríguez Cuarteto está acompañado de Carlos López na batería, Toño Otero no saxo e Paco Dicenta no baixo eléctrico.

CLASES MAXISTRAIS

As clases maxistras ou *master class* propóñense cada ano con inscrición gratuíta a través da web www.imaxinasons.com e ofrecen a oportunidade de compartir dúas horas e media cos mestres da improvisación.

Sábado 26 de xuño, 10.30h

Franco D'Andrea

Desde finais dos setenta, un ano si e outro tamén, a crítica italiana considera a Franco D'Andrea (Merano, Italia, 1941) o mellor músico de jazz do país; non ten pouco mérito nun país no que o jazz bule e que conta cunha xeración de músicos, que medrou nos anos oitenta, e que constitúe unha escena de referencia dentro do jazz mundial. Pero é que ás dotes de D'Andrea para a composición e a interpretación únese unha capacidade de sedución que atrapa ás audiencias iniciadas pero tamén a aqueles que se achegan por vez primeira ao jazz. Posúe unha maneira de comunicar directa e didáctica, que aplica como profesor en conservatorios e seminarios e que quedou ben retratada no documental *Jazz Pianist*, realizado en 2006 por Andreas Pichler, que recollía a voz de toda unha xeración de jazzistas italianos ao redor da figura de Franco D'Andrea. En formación de cuarteto, xunto a Andrea "Ayace" Ayassot, saxo alto, Aldo Mella, contrabaixo e Zeno de Rossi, batería, Franco D'Andrea chega á sexta edición do Festival de Jazz de Vigo *Imaxina Sons*. Na clase maxistral participarán os integrantes desta formación xunto ao pianista convertendo esta aula de improvisación nunha experiencia enriquecedora xunto a catro figuras do jazz europeo.

Sábado 3 de xullo, 11h

Franz Koglmann

Para presentar o traballo do trompetista e compositor Franz Koglmann (Mödling, Austria, 1947) botamos man das súas propias palabras: "A miña música é unha combinación de diferentes influencias: en primeiro lugar, Franz Schubert, en segundo lugar, a segunda Escola de Viena de Arnold Schoenberg e Anton von Webern e en terceiro lugar, o son do cool jazz, Chet Baker, Jimmy Giuffre e Lennie Tristano. Quizais esas tres cousas definan a liña de Koglmann". O músico, que presenta na sexta edición do Festival de Jazz de Vigo *Imaxina Sons*, o proxecto *Lollee-ta. Music on Nabokov* co Monoblue Quartet o sábado 3 de xullo no Auditorio Municipal, será o encargado de impartir a primeira *master class* deste ano 2010. Para o músico austríaco, o jazz impregna a música de todos os estilos, pero entendido como dogma xa non ten razón de ser; así de contundente amósase o trompetista que deixou de beber do free jazz para ter cada vez máis afinidade co cool jazz, esa corrente xurdida na costa oeste norteamericana nos anos cincuenta como solución de continuidade para o jazz. Aquelas persoas interesadas na clase maxistral de Franz Koglmann deben saber, como os espectadores dos seus concertos, que, ademais de rexeitar as estritas divisións entre xéneros musicais, o austríaco aborda a súa música desde a poesía, as artes visuais, o cine, a filosofía e a cultura popular. A formulación da clase maxistral non se cingue só ao instrumento no cal é mestre Koglmann, a trompeta, senón que se aborda a improvisación dunha maneira integral.

MESAS REDONDAS

Salón de Actos do MARCO

Luns 28 xuño, 20h.

Reservado o dereito de admisión Falando de jazz tras o caso Sigüenza

Quen decide que é jazz?, O público e os medios de comunicación? Ou son, quizais, os músicos?. Como se exerce o dereito de admisión no mundo do jazz? A protesta dun espectador durante un concerto de Larry Ochs na última edición do Festival de Jazz Sigüenza (Guadalajara), en decembro do pasado ano, alegando que o que interpretaba o artista “non era jazz” converteuse en noticia de ámbito internacional. Máis alá do rebumbio mediático, subxace o debate entre o que se considera e non se considera jazz por parte de músicos, público e crítica.

Martes 29 xuño, 20h.

Salón de actos do MARCO

Do Myspace ao Facebook. O jazz navega

Escoitamos habitualmente a músicos de distintos estilos queixarse da piratería e da incidencia de determinados usos da rede global na crise da industria musical. Pero, que acontece co jazz?, Navegan os jazzeiros pola rede?, Como inflúen os novos xeitos de consumo musical nun estilo sobre o que permanece unha imaxe elitista?. Os músicos de jazz fan uso das novas posibilidades que ofrece a comunicación internet e non son poucos os que consideran ferramentas como o *myspace.com* fundamentais para a difusión do seu traballo. Así mesmo medra o número de publicacións *on line* e blogs nos que crítico e afeccionados reparten as súas verdades sen máis censura que a propia.

Participan:

Carlos Pérez Cruz, trompetista e director do programa de radio on line de El Club de Jazz

Nuno Catarino, crítico do xornal portugués Público e da revista Jazz.pt. Creador do blog de jazz portugués *A forma do jazz*.

Yahvé M. de la Cavada. Autor do blog *Un día más un disco más* e crítico de Cuadernos de Jazz

Presenta: Marta Núñez, coordinadora do Festival de Jazz de Vigo *Imaxina Sons*

Mércores 30 xuño, 20h.

Salón de actos do MARCO

The Jazz I Love (O jazz que amo). Os escritores tamén improvisan

O crítico, novelista e músico Quinito López Mourelle, colaborador do Festival de Jazz de Vigo *Imaxina Sons*, convida o escritor Domingo Villar a que nos narre a súa relación co jazz. Domingo Villar (Vigo, 1971) non escribe de jazz, pero sen dúbida este impregna o seu best seller *Ollos de Auga* (Galaxia, 2006), -xa pola oitava edición- protagonizado polo detective vigués Leo Caldas, quen continúa as súas investigacións na recente *A praia dos afogados* (Galaxia, 2009). Quinito López Mourelle (Viveiro, 1968), crítico en xornais como *La Opinión* e publicacións especializadas como *Cuadernos de Jazz*, editou recentemente a súa última novela titulada *Pimienta Negra* (Ézaro, 2009), co jazz como fío condutor. Ambos compartirán co público as súas filias, -esperemos que tamén desvelen as súas fobias-, e explicaranos porque a improvisación musical coouse na súa narrativa.

Participan:

Domingo Villar e Quinito López Mourelle

